

O QUE HAI QUE FACER PARA RECUPERAR O SAMAÍN

—O Samaín non existe —din algúns.

—Xa non hai monstros —din outros.

E é verdade! Xa non se ven monstros. Por que?

Contan que hai moito, no máis profundo da fraga, xuntáronse os máis monstruosos seres que nunca vira o ser humano. No día do Samaín decidiron saír a troular e asustar á xente. A grandes e pequenos, altos e baixos, listos e burros.

Alí estaban o trasno e o trasgo, a meiga e a bruxa, a maruxaina e a moura, o urco e o coco, o lobishome e o home do saco.

Seres malos querendo asustar a persoas boas.

Marchaban do lugar cando atoparon unha cesta cheiña de mazás. Eran larpeiros e pararon cadansúa froita. O que non sabían é que tiñan meigallo.

É por iso que non se ven monstros, están todos durmidos, no medio da fraga, agardando a que unha persoa boa lles vaia dar un bico na boca para volvelos espertar.

Quererías ser ti?